

## **Alfonso Blanco, creador de Pardiñas: «A xente creou unha ligazón co Festival e hai que manterse nas raíces».**

*Esta entrevista foi realizada dentro dunha actividade de narrativa audiovisual do IES Poeta Díaz Castro de Guitiriz que no curso 2019-20 adicamos ó Festival de Pardiñas. O tema foi escollido pola rapazada, que tiña que nomear cousas que formaran parte da identidade de Guitiriz. Xunto con Pardiñas, escolleran os Sete Muíños e a torta de millo. Ó final foi a idea do festival a que levou máis apoios e para documentarnos fixemos esta entrevista a Alfonso Blanco, creador do festival hai xa corenta e un anos. As preguntas foron feitas polo alumnado e forman parte dun vídeo que podedes ver na web [alusdomundo.com](http://alusdomundo.com)*

### **— Alfonso, onde naciches?**

— Nacín na Galicia da emigración, en Montevideo, pero vín de pequeno para a Costa da Morte, meus pais emigraran, casaran alí e retornaron ás súas orixes, á aldea de Tella, en Ponteceso, que é a terra de Pondal. Sabedes o himno galego? Esa música dos piñeiros de Eduardo Pondal? Eu son desa parroquia.

### **— Como foi a túa infancia?**

— Foi unha infancia de sorpresas. Cando cheguei a Galiza eu era moi novo e viña dunha capital, con tren, barcos... e para mín foi un choque. Viña falando castelán e tocume falar a lingua aquí, o galego. Funo aprendendo e namoreime da nosa cultura rural. Iso axudoume a ficar para sempre, xa que é nesa cultura na que seguimos desenvolvéndonos aquí en Guitiriz.

### **— Por que decidiches ser cura?**

— Daquela era costume que a xente fose a misa os domingos, grandes e pequenos, tamén na miña casa. Aí comecei coñecer xente da miña idade e a facer pandilla. Tello é unha parroquia moi grande e viamonos na hora da misa. Ó rematar a xente xuntábase e falabamos. A mín aquilo gustábame, aquelas xuntanzas, aínda que o crego chocábame. Non lle entendía moito, porque a metade da misa era en latín pero a quen entendía e con quen me comunicaba era coa xente, alí no adro falabamos de todo o que pasaba, e para mín iso é fundamental. Hoxe mesmo, con tanta despoboación nas parroquias nas que traballo, boto de menos que non haxa celebracións os domingos, porque a veciñanza non se ve. Dependemos moito do que acontece na tele pero as veces non sabemos o que pasa nas nosas parroquias, non?

### **— En que te inspiraches para organizar o Festival de Pardiñas?**

— Era unha necesidade que sentía. Cando estaba estudiando aquí vivíase en ditadura pero tiven a fortuna de sair fóra nos veráns e ver como se vivía en liberdade. Estiven un verán en Bruxelas na época *hippie* e aproveitei para ir a Holanda, que está preto, onde descubrin as celebracións ao aire libre onde se vivía o amor, a amizade, a paz e a harmonía. Eran os tempos da guerra de Vietnam, pero alí pola contra era todo diálogo e convivencia nun ambiente de festa e de ledicia. Tamén estiven un verán en Alemania, na festa da cervexa *oktoberfest* en Munich, unha das festas máis populosas do mundo. Era o mes de setembro e deixoume esa sensación de que facer festa e sentirse amigas e amigos nun evento creaba harmonía e axudaba a coñecernos e celebrar o que é cada quen, porque para mín Pardiñas ten que ser unha oportunidade para que sobre todo a xente moza como vós comparta cualidades, recursos, etcétera. Como dí Xurxo Souto, somos un pobo de artistas, e eu penso que cada persoa é artista, é creadora, e ten algo que comunicar. Entón queremos que Pardiñas sexa iso, unha oportunidade para coñecernos, celebrar a vida e a amizade, que fai moita falla. En Xermolos, que é a asociación que convoca o festival, pensamos que a cultura é unha ferramenta para que nos entendamos, para que haxa máis igualdade, máis necesidade de cambiar o mundo.

— **Que dixeron en Guitiriz cando oiron que o cura quería montar unha festa *hippie*?**

— Non lles extrañou, xa me ían coñecendo e sabían un pouco as miñas ideas. Eu cheguei a Guitiriz no 76. Daquela ía dicir misa a Pardiñas no verán, onde coñecín, por exemplo ós avós de Susana Seivane, que viñan tomar as augas. Entón cando quixemos facer o festival pensamos naquel espazo, aínda que valoramos outros, como a carballeira de Parga. Dende o primeiro día atopei aquí rapaces e rapazas que pensaban coma mín e puxémonos a traballar, sempre coa mocidade, que debería de ter máis protagonismo na sociedade. Xa pasaba entón, crese que a adolescencia é unha enfermidade que hai que pasar correndo, que todo o que fai a mocidade é malo, pero a miña experiencia é ó revés, considéroos persoas máis creativas e sinceiras. Así que, a pesares de que nin a administración nin a veciñanza estaban dacordo, tiramos para diante e acabaron vendo que tiñamos razón, porque non só creamos o festival, tamén comezamos facer a cabalgata de reis, o entroido... tiñamos presenza no Concello todo o ano. Pero houbo atrancos e tamén tiven problemas coa igrexa, porque pensaban que a xente ten que agardar a ser adulta para moverse.

— **E a propia contorna do festival? Como o acolleu?**

— Ao principio foi unha reacción bastante negativa. Colocamos o festival canda a festa de Pardiñas, o primeiro fin de semana de agosto, querendo darlle un cambio ó modelo de festa con orquestra para darlle unha oportunidade a outras músicas, sobre todo á galega. Pensade que estou falando de hai corenta anos, cando a transición da ditadura á democracia, e a nosa música estaba medio castigada. Nos quixemos converter Pardiñas nunha plataforma para participar da nosa música e tamén da nosa cultura, con exposicións de libros, artes plásticas, artesanía... Temos que agradecerlle á comisión de festas daquel ano, que nos deixou facer a primeira edición. Se non fora por eses tres mozos, ó mellor non se nos abría a porta. Eles mesmos recibiron moitos reproches por permitirnos montar o festival. Comezamos cun so día e foi así durante tres anos. Despois a veciñanza convenceuse de que tiña futuro e nos axudaron a ampliálo a dous días mantendo a actuación dunha orquestra nun dos días.

Así que tivemos un pouco de pelexa ó principio coa veciñanza de Pardiñas, pero é normal, xa que realmente foi un cambio. Se aínda agora á xente cústalle asumir outras culturas, persoas que visten doutro xeito, que cantan doutro xeito, que se relacionan doutro xeito, pois imaxina hai corenta anos despois dunha longa ditadura. Custou que asumiran que os que chamaban *hippies* ou *punkies* estiveran alí varios días en tendas de campaña, pero a verdade é que nunca pasou nada, e Pardiñas é famosa por ser unha balsa de paz, somos de moitos países e culturas pero entendémonos, somos amigas e amigos. A mín eses días saúdame xente que me di: "Que tal? Aquí estamos outro ano" e so os vexo eses días, pero hai como un contaxio de agarimo que é ó que axudan ás artes.

— **E nesa primeira edición xa houbo artes?**

— Xa houbo literatura, con mostras de libros, e dende o comezo estiveron alí, en primeira liña, mulleres e homes das nosas letras, como Manuel María, Díaz Castro, Neira Vilas, Anisia Miranda ou Antía Cal, porque os seus libros tamén estaban en Pardiñas. Tamén fixemos unha mostra de cerámica, como a de Bonxe, da Terra Chá, e esculturas de Leandro Seixa, que é de Pígara, aquí en Guitiriz. Estaba na antiga taberna que ocupaba un edificio do balneario. Creamos tamén un certame de literatura que para nós é moi importante porque anima ós nenos e nenas á creación artística. Hoxe hai xente facendo música ou escribindo que comezaron no Festival de Pardiñas, como María Canosa, que levou aquí premios cando estaba en Primaria.

— **Estás orgulloso de ter creado o festival?**

— Orgulloso non, máis ben sinto un pouco de medo escénico. Sempre tivemos medo a ser flor dun día, aínda que no verán do 2019 cumprimos corenta anos, que xa son anos, pero queremos que se

mantéña vivo. Pensamos que se continúa é porque a xente sente a necesidade del, e non so en Guitiriz, se non en todo o país e fóra. Hoxe mesmo lía no xornal Nós a xente nova de Madrid dicindo que se mantíña unida ó país e á nosa cultura grazas a que participaba todos os anos no festival de Pardiñas. Por iso máis que orgulloso síntome ilusionado, porque hai moita xente que tira, sobre todo xente nova, neste momento incluso fillas e fillos dalgúns dos fundadores, que xa son corenta anos de traxectoria. E sempre con traballo voluntario, porque dádevos conta de que é un festival de entrada libre, polo que tivemos algún desencontro coa Xunta de Galiza que xa nos axudaba pouco e nun momento quitounos toda a axuda por non cobrar entrada. Danlle máis ós festivais que cobran, case que era obrigatorio, pero para nós o campo non ten cancelas. Como imos poñer alí uns gardas municipais pedindo entradas? A nai terra non obriga a iso, todo o contrario. E custa sacalo adiante pero hai xente voluntaria que traballa todo o ano programando, deseñando, montando aqueles días os postos, etc. Por iso cremos que ten futuro, xa que notamos sensacións positivas en todo o país e fóra, que nos permiten seguir alimentando esta iniciativa.

**— Agardabas esta fama do festival dende o principio?**

— Pois non, de feito tardamos tres anos en ter a primeira edición xa que non queríamos que fose flor dun día. Eu era recién chegado e a mocidade de Xermolos dicíame, non aquí en Guitiriz non aguanta un festival mais que catro ou cinco anos, é millor non empezar. Ata que demos un golpe na mesa e dixeron, imos para diante, por nós non vai ser. E aquí estamos, con fillas e fillos daqueles que o fixeron nacer.

**— Que importancia teñen as foliadas tradicionais no festival?**

— Pardiñas quere ser unha voz da nosa cultura e queremos ser fieis ó xeito de facer festa nas nosas aldeas, e iso é algo que nos diferencia doutros festivais. Nós queremos ser testemuña do facer festa dos nosos antepasados, desas foliadas e desa música. De feito, a asociación de gaiteiros galegos escolleu Pardiñas para montar unha mostra de instrumentos de música tradicional que xa vai pola vintecindo edición e que foi a primeira en facerse en toda a península. Acuden artesáns e profesores de música que pasan dous días xantando, debatindo e compartindo cousas, pero que ademais teñen o seu propio escenario que lle chamamos o dos espontáneos. Nel vanse formando grupos dos artesáns e da xente que ven ó festival, e así, en calquer recanto de Pardiñas ves grupos tocando que se acaban de formar. Como hai un montón de gaiteiros pasa iso, que se xuntan e fan música. Por iso esta mostra é para min o corazón de Pardiñas, porque axuda a seguir avanzando na nosa música tradicional e no noso xeito de facer festa.

**— Cal é a relación con Ortigueira?**

— Pardiñas e Ortigueira máis ou menos naceron ó mesmo tempo, Ortigueira no 1978 e nós agardamos ó 1980. De feito Ortigueira contaxiounos algo porque nos ibamos alí no verán e relacionabamonos coa banda de gaitas que o fundaron. Eles despois pararon por problemas económicos, e nós aínda que teñamos baches económicos, seguimos adiante porque contamos co apoio máis grande, que é a xente. Aínda que veñan catro ou cinco faremos Pardiñas. Ademais, contamos con moitos valedores e valedoras, que non as administracións precisamente. Aí está a revista do corenta aniversario para lembrar os corenta anos de historia da música que é Pardiñas. Por iso no aniversario xuntouse unha banda, o Pardiñazo, con xente como Antón Reixa, Uxía ou Susana Seivane, quen se estreara tocando co seu avó no festival con once anos. Ensaieron durante meses para dar un concerto de tres horas que está grabado.

**— Que significa Pardiñas para Guitiriz?**

— Nos o que queremos é que a xente coñeza as cualidades de todos e todas, non só dos que suben ao escenario, se non tamén dos que se atopan tumbados na herba de noite. Pensade que para moitos desta zona eses son os únicos días que non durmen na casa, durmen cos cos colegas, son dous ou tres días de campo nos que se comparte quen somos, así que penso que para moitos pode ser un antes e un despois. Hai quen pasa alí cinco ou seis días e este ano é festivo local porque o luns despois de Pardiñas moita xente pedía poder descansar ou incluso seguir facendo festa. E realmente non o dixeron, pero quen merece máis loanza no Festival de Pardiñas é a nai natureza, que nos acolle, a música medra grazas a esas carballeiras e esa natureza que se converte nun mantel de moitos metros, que nos axuda a partillar a amizade.

**— Como imaxinas a o futuro do festival?**

— Penso que vai seguir abríndose a novos estilos de música e vaise intensificar porque hoxe hai moitos festivais e festas de espectáculo pero en Pardiñas somos todos e todas protagonistas. Eu agora xa non vou pola miña idade, pero vemos a diferenza con outros festivais nos que estamos como sardiñas ali todos apretados. En Pardiñas corre o aire, podemos falar e pasalo ben, comunicarnos contaxiando a beleza que levamos dentro. O ano pasado foi tremendo, no corenta aniversario había moitos nenos en carriños e os seus pais dicían que querían que os fillos herdaran esta festa, xa que con ela medraron os maiores. A xente xa creou unha ligazon e hai que manterse nas raíces. O pobo e o país teñen futuro, entón... temos que manter a raíz.

*Idearon, gravaron e transcribiron esta entrevista: Nara Gómez, Lidia Vázquez, Paula Calvo, David Martínez, David García, Laura Roca, Andrea Marcelino, Sergio Campello, Joel Vázquez, Silvia Freire, Lucía Morán, Sara Paz, Víctor Estraviz, Alexander Barreiro, Hugo Balsa, coa axuda de Miguel Bermúdez, Ana María Pedreira e Cristina de la Torre.*